



Presidenciais portuguesas: dous resultados chamativos

Description



A vitoria de Manuel Alegre foi relativa, mais existiu. Venceu ao candidato oficial do PS, con cuxa escolla estaba descontento, abrindo unha pequena crise no socialismo portugués, do que tamén fai parte, que pode ser maior en función do aproveitamento que dos resultados presidenciais queiran facer Manuel Alegre e quen o apoiaron.

No pasado 22 de xaneiro tiveron lugar en Portugal unhas eleccións presidenciais que, no ánimo, deixaron dous resultados extraordinariamente chamativos: na dereita ideolóxica, Cavaco Silva atinxiu 50,59% dos votos, cando hai a penas un ano, nas anteriores lexislativas, o voto total da dereita ficaba ben por baixo do 40%; na esquerda, Mário Soares, candidato do principal partido e, por tanto, chamado a ser o máis votado, foi derrotado por Manuel Alegre, que concorría ás eleccións sen apoio partidario. E foi ben derrotado, ao ter obtido o primeiro 14,34% dos votos e o segundo 20,72%.

Chaves para a vitoria de Cavaco Silva

Primeiramente cÃ³mpre dicir que Cavaco gaÃ±ou, esencialmente, porque parte do electorado do Partido Socialista decidiu votar nel e non nos candidatos de centro-esquerda. E isto dedÃ³cese do feito de Cavaco ter obtido 675.651 votos mÃ¡is nestas presidenciais que o PPD/PSD e o CDS-PP, a dereita portuguesa, nas anteriores lexislativas e do feito de Alegre e Soares teren sumado 685.261 votos menos nestas presidenciais que o PS nas lexislativas. PÃ³dese ver que a suba da dereita Ã© moi semellante Ã¡ baixada do centro-esquerda polo que, se ademais se concorda con que Ã© mÃ¡is fÃ¡cil que a volatilidade electoral para a dereita se produza desde o centro-esquerda e non desde posiciÃ³ns mÃ¡is Ã¡ esquerda, resulta simple de asumir a premisa con que comezaba este parÃ¡grafo.

A cuestiÃ³n que resta por esclarecer serÃ¡, pois, esta: por que unha parte dos votantes do PS nas lexislativas decidiu dar a vitoria a un candidato da dereita sÃ³ un ano despois? E a resposta deberÃ¡ ser esta: nomeadamente, para castigar o PS.

A primeira razÃ³n que os ex-votantes do PS tiÃ±an para castigalo residÃªa na elecciÃ³n de MÃ¡rio Soares como o seu candidato para as presidenciais. Un Soares que xa tiÃ±a sido Primeiro-Ministro e Presidente da RepÃºblica, e que a ollos dos portugueses xa dera todo o que tiÃ±a para dar ao paÃs. Un home, ademais, cuxos 81 anos (perante os 66 de Cavaco) facÃªn difÃ¡cil considerar que puidese ser unha persoa con ideas novas capaces de contribuír para levar Portugal a un tempo mellor, a un futuro que permitise esquecer un presente, xa demasiado longo, de crise socioeconÃ³mica, e tamÃ©n psicosocial, permanente.

A segunda razÃ³n para castigar o PS tiÃ±a a ver coa mudanza parlamentario-gobernamental que as lexislativas de hai un ano estableceron, tendo pasado o PS de estar na oposiciÃ³n a ter maiorÃa absoluta na Assembleia da RepÃºblica e, por consecuencia, a formar goberno.

Acontece que cando unha mudanza tan importante como esta ocorre, as persoas que a fixeron posÃ¡bel, que neste caso foron, nomeadamente, as que votaron no PS, teÃ±en unhas expectativas extraordinariamente elevadas que nunca poden ser totalmente satisfeitas, o que provoca unha frustraciÃ³n que Ã© especialmente intensa nos primeiros tempos e que pode levar a querer castigar o partido visto como culpÃ¡bel da mesma en datas electorais cronoloxicamente prÃ³ximas.

AsÃ³ sendo, a vitoria de Cavaco nas pasadas presidenciais pode ser, en parte, vista como un aviso para o PS: Ã© o OIlo! AgardÃ¡bamos mÃ¡is de vÃ³sÃ©?

Chaves para a vitoria de Manuel Alegre

A vitoria de Manuel Alegre foi relativa, mais existiu. Venceu ao candidato oficial do PS, con cuxa escolla estaba descontento, abrindo unha pequena crise no socialismo portuguÃ©s, do que tamÃ©n fai parte, que pode ser maior en funciÃ³n do aproveitamento que dos resultados presidenciais queiran facer Manuel Alegre e quen o apoiaron.

A primeira razÃ³n para esta vitoria foi precisamente a errada escolla do candidato realizada polo PS, como xa foi explicado anteriormente, polo que agora non nos estenderemos mÃ¡is. Con todo, quizÃ¡ sexa a segunda razÃ³n a que teÃ±a mÃ¡is interese. Consiste esta na ausencia de apoio partidario a Manuel Alegre, o que se quixo facer ver como unha ruptura cos partidos polÃ¡ticos resultando, Ã¡ vista dos resultados, un acerto. Ã© isto, con certeza, o que xustifica que unha das opciÃ³ns que baralla a que foi a equipa de Manuel Alegre para estas presidenciais como posibilidade nun futuro inmediato sexa a constituiciÃ³n dun movemento social, plataforma cÃ³mica ou algo semellante.

AsÃ³ e todo, se como se especula aquÃ³, parte do Ã©xito da candidatura de Alegre tivo a ver co desgaste dos partidos tradicionais a ollos da sociedade portuguesa, estase ante un chamado de atenciÃ³n ao sistema partidario luso e, por extensiÃ³n, ao rÃ©xime e sistema polÃ¡ticos, pois as democracias representativas aÃ³nda non saben funcionar sen partidos.

QuizÃ¡ serÃªa bo que desde os partidos do AlÃ©n-MiÃ±o se fose pensando nun reachegamento Ã¡ sociedade, promovendo novas vÃ³as de captaciÃ³n e canalizaciÃ³n de demandas populares. Ou quizÃ¡ sexa o momento idÃ³neo para a emerxencia dalgÃ³n novo partido.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 30, 2006

Meta Fields

Autoria : 3772

Datapublicacion : 2006-01-30 00:00:00